

LECCIÓN MANUSCRITA E CRÍTICA DO TEXTO: EN TORNO Á SEGMENTACIÓN DAS CADEAS GRÁFICAS NA POESÍA PROFANA GALEGO-PORTUGUESA*

Manuel FERREIRO
Universidade da Coruña

1. SOBRE A IMPORTANCIA DA SEGMENTACIÓN TEXTUAL NA EDICIÓN

É principio establecido desde hai tempo, como lembramos noutra sede¹, que o proceso de segmentación de unidades gramaticais e lexicais é un dos máis inmediatos e importantes problemas que se levantan cando o editor se enfronta co texto medieval e, de modo particular, cos textos da poesía trobadoresca galego-portuguesa, xa que a escrita medieval se caracteriza pola xeneralizada presenza de cadeas gráficas de carácter arbitrario², ás veces moi afastadas dos modernos parámetros ortográfico-segmentativos, que consolidaron o paso dunha escrita “continua” a unha escrita “discreta”. Así pois, o editor, partindo das leccións transmitidas polos cancioneiros, considerando o contexto, ten de establecer unha primeira delimitación vocabular, condicionada pola expresión lingüística e guiada fundamentalmente pola métrica e pola interpretación. É por isto que tal labor se converte nunha operación fundamental e, asemade, problemática, que condiciona profundamente a lectura dos textos: «è esperienza comune a tutti gli editori di testi medievali il costatare che in talune circostanze la divisione del testo appare estremamente problematica e potenzialmente ambigua, oltre ad offrire una molteplicità di soluzioni»³.

Vexamos algúns casos de diferente teor. Perante a secuencia <amigu eu> de BV no *incipit* dunha cantiga de Don Denis, o editor

* Este traballo inscribese no proxecto de investigación *Glosario crítico da poesía medieval galego-portuguesa* (FFI2009-08917 e FFI2012-32801), subsidiado polo “Ministerio de Ciencia y Tecnología” e o “Ministerio de Economía y Competitividad”, a través da “Subdirección General de Proyectos de Investigación”.

¹ Vid. M. Ferreiro, «Do manuscrito á edición: consideracións sobre a segmentación textual na poesía profana galego-portuguesa», en P. Lorenzo Gradín e S. Marcenaro (eds.), *El texto medieval: de la edición a la interpretación*, Anexo 68 de *Verba*, Santiago de Compostela, USC, 2012, pp. 135-158.

² O estudo destas cadeas gráficas nos nosos cancioneiros fica aínda á espera dunha investigación profunda e criteriosa, semellante á realizada para outros ámbitos románicos, como o provenzal ou o italiano. Vid., por exemplo, Enrico Zimei, *Paraula escricha. Ricerche sulla segmentazione della catena grafica nei canzonieri trobadorici*, Roma, Edizioni Nuova Cultura, 2009; Fabrizio Costantini, *Le unità di scrittura nei canzonieri della lirica italiana delle Origini*, Roma, Edizione Nuova Cultura, 2007.

³ Cfr. F. Costantini, *op. cit.*, p. 41.

ten de optar entre *amigu'eu* (= *amig'eu*) e *amig'u eu*, con diferente contaxe métrica e, evidentemente, con diferente significado. Neste exemplo, simple mais representativo, a opción editorial vén condicionada pola liña conceptual da cantiga e, tamén, pola necesaria medida hexasilábica dos versos⁴:

613 / 25,48 Den [B596/V199], v. 1:

Meu **amig'**, **u eu** seja
nunca perço desejo
senon quando vos vejo

Outras veces, esta operación interpretativa tórnase máis complexa, xa que está afectada por erros de copia que empecen o traballo segmentativo-editorial. Así, noutra cantiga do mesmo rei-trobador, a lección <mandar> de B terá de ser segmentada como <ui andar>, considerando, de acordo con V (<ui andar>), a presenza dun erro <m>/<ni>~<ui>, pois ningunha das outras posibilidades (*mandar*, *m'andar*, *m'an dar...*) é aceptábel para esta pasaxe:

592 / 25,68 Den [B574/V178], v. 1:

O voss'amig', amiga, **vi andar**
tan coitado que nunca lhi vi par,
que adur mi podia ja falar

As diversas posibilidades segmentativas poden exemplificarse perfectamente cun caso tan representativo como a repetida secuencia <este> ou <efte> dos cancioneiros que transmitiron a nosa poesía medieval. Esta forma presenta os seguintes valores, aínda que, en ocasións, nin sempre é fácil determinar cal é o que se lle debe atribuír: *este* (demostrativo masc. sing.), *éste* (forma verbal concorrente

⁴Para as referencias ás cantigas da poesía profana, utilizamos o sistema de Jean Marie D'Heur (*Recherches internes sur la lyrique amoureuse des troubadours galiciens-portugais (xii^e-xv^e siècle): contribution à l'étude du «corpus des troubadours»*, Liège, Université de Liège, 1975, pp. 10-93), coas correccións incorporadas por J. M. Montero Santalla (*As Rimas da Poesía Trovadoresca Galego-Portuguesa: Catálogo e Análise*, Tese de Doutoramento, Universidade da Coruña, 2000, pp. 55-101), xunto coa numeración de G. Tavani (*Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma, Edizioni dell'Ateneo, 1967), seguido do nome abreviado do trobador, tamén establecido por Tavani, e das referencias convencionais dos manuscritos. Os criterios de edición utilizados son os propostos en M. Ferreiro, C. P. Martínez Pereiro e L. Tato Fontaiña, *Normas de edición para a poesía trovadoresca galego-portuguesa. Guidelines for the Edition of Medieval Galician-Portuguese Troubadour Poetry*, A Coruña, Universidade da Coruña, 2007.

Para a lectura dos manuscritos, servímonos das edicións facsimilares dos cancioneiros: *Cancioneiro da Ajuda*, edición Fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda, Lisboa, Edições Távola Redonda, 1994; *Cancioneiro da Biblioteca Nacional (Colocci-Brancuti)*. *Cód. 10991*, Lisboa, Biblioteca Nacional / Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1982; *Cancioneiro Português da Biblioteca Vaticana (Cod. 4803)*, Lisboa, Centro de Estudos Filológicos / Instituto de Alta Cultura, 1973. Na transcripción das leccións manuscritas desenvolvemos en itálica as abreviaturas que poden causar problemas tipográficos.

con *é*), *est' é* (crase do demostrativo *esta*, *esta* ou *esto* coa forma verbal *é*) e *esté* (P1 e P3 do presente subxuntivo de *estar*)⁵.

Así as cousas, no marco desta realidade complexa, os editores están a marcar decote os límites vocabulares, os segmentos dun *continuum* textual, en contextos que moitas veces permitirían diversas posibilidades intepretativas. É por isto que a segmentación en sentido amplo, isto é, a delimitación das unidades lingüísticas no texto, «si revela elemento del tutto funzionale e determinante nel processo della lettura»⁶, xa que afecta todos os niveis lingüísticos e inflúe decisivamente na textualidade –e na interpretación– do corpus trobadoresco galego-portugués.

2. FACTORES CONDICIONANTES DA SEGMENTACIÓN

A segmentación, o mesmo que o proceso de edición en xeral, está condicionada, en primeiro lugar, polo que podemos denominar factor lingüístico, quere dicir, a corrección gramatical e a coherencia semántica. Deste modo, tal factor dirixe e limita de inicio calquera decisión no ámbito da segmentación: o padrón gramatical da lingua é, por tanto, o marco onde se deben inscribir as decisións segmentativas, que en ningún caso poden xerar formas de dubidosa ou nula gramaticalidade (ou mesmo inexistentes) do punto de vista idiomático. Neste sentido, ao longo do corpus podemos achar bastantes casos de actuacións editoriais discutíbeis por diferentes razóns, que, en xeral, din respecto ao ámbito morfosintáctico.

Reparemos, primeiramente, nunha cuestión de índole morfolóxica, cal é a alternancia *outr* ~ *outri* / *outr**en*, característica a primeira nas leccións transmitidas polo *Cancioneiro da Ajuda*, fronte á segunda, habitual nos apógrafos italianos. Na cantiga 138 de Martin Soares, copiada en A e B, rexístrase a forma *outr**em* a partir da lección <outr*en*> A, <outr'm> B (cfr. LPGP 647, ed. de Bertolucci Pizzorusso⁷, que continúa o texto establecido por Michaëlis⁸):

138 / 97,14 MartSrz [A51/B163], v. 25:
 e porque mi seria mui melhor
 morte ca mays esta coyta sofrer,
 poys non mh-á prol de vola eu dizer,

⁵ Para todos os valores de <este> e os diversos problemas vinculados a este segmento que aparecen no corpus da poesía profana galego-portuguesa, *vid.* M. Ferreiro, «A forma verbal *éste* na lírica profana galego-portuguesa», *Revista Galega de Filoloxía*, 9 (2008), pp. 57-78.

⁶ Cfr. F. Costantini, *op. cit.*, p. 15.

⁷ Para evitar a proliferación de notas e referencias bibliográficas, citaremos a través de M. Brea, *Lírica Profana Galego-Portuguesa* (Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1996), coa sigla LPGP, seguida da(s) páxina(s), os textos das edicións críticas seleccionadas nesa compilación.

⁸ C. Michaëlis de Vasconcelos, *Cancioneiro da Ajuda*, Lisboa, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 1990 [1904], p. 110.

nen vos faz **outrem** por min sabedor,
 nen mi val ren de queixar-m'end'assy

Ora ben, o feito de que a solución *outren* constituía un *unicum* no *Cancioneiro da Ajuda* xustificaría a segmentación da lección manuscrita como *outr'én*, que encaixa perfectamente no texto e acrecenta, co pronome adverbial *én*, algún matiz expresivo:

E porque me seria mui melhor
 morte ca máis esta coita sofrer,
 pois non mi á prol de vo-la eu dizer,
 nen vos faz **outr'én** por min sabedor,
 nen me val ren de queixar-m'end'assi

Máis un exemplo de segmentación conflituosa que incide negativamente no modelo lingüístico localizámolo na cantiga 1174, que conta con dúas edicións que modifican o texto dos manuscritos de modo diferente, ambas segmentando a lección *prazer* dos códices (<Praz'> B, <praz'> V). A primeira versión, presente na vulgata a partir da edición de Macchi (LPGP 904), propón *praz er*, con anómala colocación da partícula *er* ~ *ar*, que, como é sabido, moi raramente se pospón ao verbo (só achamos colocación posverbal certa de *ar* ~ *er* en 105.14, 634.20, 1069.9 e 1617.29); que tal solución non parece correcta, para alén do problema sintáctico levantado, vénnos suxerido polo feito de o texto ficar expresivamente deficiente:

1174 / 145,2 RoiMrzCa [B1161/V764], v. 10:

–**Praz er**, senhor, par Santa Maria!
 –Prazeria!? Deus aja bom grado,
 poyz que vos do meu prazer prazeria!

Pola outra parte, na súa compilación e edición das cantigas de amigo, Rip Cohen⁹ opta pola emenda da unánime lección de BV para introducir unha interxección que pretende conferir coherencia semántica ao texto:

–**Praz, ai**, senhor, par Santa Maria.
 –Prazeria? Deus aja bon grado,
 pois que vos do meu prazer prazeria

Fronte a estas emendas, defendemos a manutención de *prazer* (presente en Nunes, con diferente estruturación dialogal¹⁰, que interaxe co

⁹ *500 Cantigas d'Amigo*, Lisboa, Campo das Letras, 2003, p. 396, onde tamén, coidamos que desnecesariamente, inverte a palabra-rima dos versos anteriores (*prazeria, toda via*).

¹⁰ *Cantigas de Amigo dos Trovadores Galego-Portugueses*, Lisboa, Centro do Livro Brasileiro, 1973 [1928], p. 354.

prazeria do verso seguinte), mostrando no texto a presenza dunha construción que chega á lingua actual, baseada na reiteración expresiva da forma verbal (infinitivo + forma persoal de indicativo do mesmo verbo). Nótese, alén disto, que o trobador ofrece a mesma repetición no v. 12, neste caso con *prazer* a funcionar como substantivo¹¹:

Dizede, amigo, se vos *prazeria*
 con a vossa morte toda via,
 pois viveades de min alongado.
 –**Prazer**, senhor, par Santa Maria,
prazeria, Deus aja bõo grado,
 pois que vos do meu *prazer* *prazeria*.

Tamén de índole morfosintáctica é o seguinte problema editorial localizado na obra de Don Denis, editada por Lang en 1894 (LPGP 234). Rexistramos aquí unha construción anómala fixada polo editor helvético-americano, que parte dunha incorrecta interpretación da lección manuscrita <Con uos *que*> B, <con uos *que*> V:

550 / 25,123 Den [B533/V136], v. 4:
 Senhor, que de grad'oj' eu querria,
 se a Deus e a vós aprouguesse,
 que u vós estades, estevesse
com vós, que por esto me terria
por tan bem andante
que por rei nem ifante
des ali adeante
nom me cambharia.

O problema asenta en que os pronomes *nós* e *vós* na lingua trobadoresca (e no período medieval) só presentan a forma *connosco* e *convosco* como complemento circunstancial de compañía¹². Dado que nunca, con este valor, se localizan os sintagamas *con nós* ~ *con vós*, é necesario interpretar a secuencia dos manuscritos de modo que transpareza tal forma pronominal; isto é, *convosqu'e* (= *convosc'e*), restaurando a normalidade lingüística¹³:

Senhor, que de grad'oj' eu querria,
 se a Deus e a vós aprouguesse,

¹¹ Unha construción similar en *Jurastes-m'enton muit'aficado / que logo, logo, sen outro tardar; / vos queriades pera mi tornar* (596.14).

¹² Entre as innúmeras ocorrencias de *nós* e *vós* recollidas no TMLG (= X. Varela Barreiro (dir.), *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega: <http://ilg.usc.es/tmilg>) só conseguimos achar unhas poucas atestacións de *con nós* e *con vós*, tardías na súa grande maioría [última consulta: 15-10-2012].

¹³ Así aparece na edición *online* da autoría de J. M. Montero Santalla: <http://www.agal-gz.org/modules.php?name=Biblio> [última consulta: 15-10-2012].

que, u vós estades, estevesse
convosc'! E por esto me terria
por tan ben-andante
que por rei nen ifante
des ali adeante
non me cambiaria.

Tamén a segmentación inflúe extraordinariamente no ámbito lexicall, pois non son poucas as ocasións en que unha secuencia manuscrita pode ser interpretada correctamente delimitando diferentes unidades vocabulares. Repárese, por exemplo, no caso de *merendar* (cfr. LPGA 650, ed. de Lapa), que permitiría fixar, tamén, o verbo *render* (*merendo* vs. *me rendo*); ambos os verbos constitúen documentación case únicas na poesía trobadoresca profana, aínda que a lección dos manuscritos, á falta de máis datos, nos debe inclinar á primeira opción (<Merendo> B, <merendo> V). En calquera caso, a hipótese de Bertolucci por *m' i rendo* non ten apoio textual no relativo á presenza do adverbio *i*¹⁴:

1376 / 97,22 MartSrz [B1358/V966], v. 26:
 E pois, quando me vej[o] en meu lezer,
merendo logo, e pois vou mia via;
 e leix[o] i putas de mi ben dizer,
 e de mias manhas e de mia folia.

A pesar da frecuente aparición da forma verbal *perdon* (P3 de presente indicativo de *perdoar* ~ *perdoar*), que frecuentemente vai ligada a *Deus* a través de fórmulas do tipo (*as*)*si Deus mi perdon* e que posúe numerosas variantes expresivas, parece forzada na cantiga 544 de Don Denis a consideración desa forma verbal no v. 20, porque obrigaría a considerar o *que* inicial como conxunción final (LPGA 203, ed. de Lang)¹⁵:

544 / 25,56 Den [B527^b/V130], v. 20:
 e porque viv' em tam gram perdiçom,
 que mi dê morte, peç' a Deus **perdom**,
 e perderei meu mal e meu cuidado.

Mais existe unha outra posibilidade máis plausíbel e defendíbel do punto de vista interpretativo, que se efectiviza a través da

¹⁴ V. Bertolucci Pizzorusso, *As poesías de Martim Soares*, Vigo, Galaxia, 1992 (ed. orixinal italiana en 1963), pp. 125 e 128.

¹⁵ Nunes ofrece unha lectura equivalente á de Lang, mais con segmentación dunha copulativa: *que mi dê mort' e peç' a Deus perdom* (*Cantigas de Amor dos Trovadores Galego-Portugueses*, Lisboa, Centro do Livro Brasileiro, 1972 [1932], p. 155).

deglutinación de *perdon* en *per don* (cfr. *e mandou-lh'ele por don dar / tres couces na garganta*, 1384.3-4)¹⁶:

e porque viv'en tan gran perdiçon,
que mi dé morte peç'a Deus **per don**
e perd[er]jei meu mal e meu cuidado.

Finalmente, a métrica pode condicionar o proceso de segmentación textual ou influír nel de xeito decisivo, como se pode comprobar, por exemplo, en certas crases en que participan as conxuncións *ca*, *que* ou *se*, as cales, contra os principios métricos da nosa escola trobadoresca¹⁷, se fan presentes nalgunhas propostas críticas para determinadas pasaxes e que poden facilmente ser anuladas por medio de segmentacións alternativas, respectuosas coas prácticas métricas desta tradición lírica. Seleccionaremos unicamente unha mostra representativa de cada partícula entre as existentes no corpus difundido a través da compilación de 1996¹⁸.

En primeiro lugar, a secuencia <quessa> de V foi unanimemente interpretada por todos os editores¹⁹ como *qu'essa*, con suposta crase da conxunción *que* co demostrativo *essa* (LPGP 546, ed. de Lapa):

1432 / 79,47 & 88,12 JSrzCoe & Lour [V1022], v. 17:

–Pero, Lourenço, pero t' eu oía
tençon desigual e que non rimava,
pero **qu'essa** entençon de ti falava,
[o] Demo lev' esso que teu criia

Mais a realidade do manuscrito permite facer unha outra interpretación: mantendo a fidelidade a V, podemos ler a secuencia como a suma da conxunción *que* e o posesivo *sa*; con efecto, nesta composición Joan Soarez Coelho está a falar dunha “entençon” furtada por Lourenço a Joan Garcia de Guilhade:

¹⁶ Proposta na edición *online* de Don Denis [última consulta: 15-10-2012] (*vid.* nota 13).

¹⁷ *Vid.* C. Ferreira da Cunha, *Estudos de Versificação Portuguesa (Séculos XIII a XVI)*, Paris, Fundação Calouste Gulbenkian / Centro Cultural Português, 1982, pp. 1-168.

¹⁸ Sobre o comportamento de *que* e *ca* e as súas hipotéticas crases, *vid.* M. Ferreira, «Sobre a suposta crase de *que* no trobadorismo profano galego-português», en R. Pontes e E. D. Martins (orgs.), *Anais VII Encontro Internacional de Estudos Medievais. Idade Média: permanência, atualização, residualidade*, Fortaleza / Rio de Janeiro, Associação Brasileira de Estudos Medievais / Universidade Federal do Ceará, 2009, pp. 487-495; «Sobre a partícula *ca* no corpus da lírica profana galego-portuguesa: integridade formal vs. elisión», en P. Petrov, P. Q. de Sousa, R. López-Iglésias Samartim e E. J. Torres Feijó (eds.), *Avanços em Ciências da Linguagem*, Santiago de Compostela / Faro, AIL / Através Editora, 2012, pp. 391-410; e «Sobre a possibilidade de elisión vocálica da conxunción *se* na lírica profana galego-portuguesa», *Verba*, 40 (2013), pp. 453-470.

¹⁹ T. Braga (*Cancioneiro Portuguez da Vaticana. Edição crítica restituída sobre o texto diplomático de Halle*, Lisboa, Imprensa Nacional, 1875, p. 194), G. Tavani (Lourenço, *Poesie e tenzoni*, Modena, Società Tipografica Editrice Modenese, 1965, p. 97) e Manuel Rodrigues Lapa, edición recollida na vulgata.

–Pero Lourenço, pero t’eu oia
tençon desigual e que non rimava,
pero **que sa** entençon de ti falava

En segundo lugar, relativamente á conxunción *ca*, nunha cantiga de Pero Garcia d’Ambroa aparece unha crase anómala da partícula comparativa na versión da vulgata, face ao texto correcto en Michaëlis²⁰, pois a presenza dunha preposición *a* tórnase desnecesaria nesta pasaxe (LPGP, ed. de Alvar):

46 / 126,4 PGarAm [B73], v. 18:
..., e mais temi
de vos pesar én **c’ a** morrer
como ora por vós morrerei

Dun punto de vista lingüístico-interpretativo, o único texto válido é o seguinte:

..., e máis temi
de vos pesar én **ca** morrer
como ora por vós morrerei

En terceiro lugar, a secuencia <se uerdade>, rexistrada en diversas cantigas, deberá ser segmentada como *se verdad’ é* para evitar a crase da condicional. Esta opción está avalada pola súa aparición en simetría rímica masculina en 202.11 e 1050.21 con *fe* e *sé*, respectivamente. Así, deberá ser rectificada a lección *s’ é verdate*, que aparece en diversas cantigas, nalgunha delas repetidamente, como na de Fernan Velho editada por G. Lanciani²¹ e recollida na vulgata (LPGP 339):

815 / 50,12 FerVelh [B819/V403], vv. 4, 9:
Vedes, amig[o], o que oj’oi
dizer de vós, assi Deus mi perdon:
que amades ja outra e mí non;
mais, **se verdad’ é**, vingar-m’-ei assi:
*punharei ja de vos non querer ben
e pesar-mi-á én máis que outra ren.*

Oi dizer, por me fazer pesar,
amades vós outra, meu traedor;
e, **se verdad’ é**, par Nostro Senhor,

²⁰ *Op. cit.*, p. 704.

²¹ Eis a xustificación da editora: «Tutti gli editori leggono “se verdad’ é”: ma l’asse ritmico, prevalentemente portato sulla 4ª sillaba, suggerisce piuttosto una separazione *s’ é verdate*» (cfr. G. Lanciani, *Il canzoniere di Fernan Velho. Edizione critica, con introduzione, note e glossario*, L’Aquila, Japadre Editore, 1977, p. 118).

direi-vos como me cuid'a vingar:
*punharei ja de vos non [querer ben
 e pesar-mi-á én máis que outra ren].*

Por outra parte, e sen ignorar o frecuente carácter subxectivo deste proceso, son motivos acentuais os que encamiñan determinadas segmentacións, aínda que a secuencia textual permitiría opcións alternativas: *e na gent' é tan grande a cobiiça* vs. *é na gente tan grande a cobiiça* vs. *e na gente tan grand' é a cobiiça* (878.6). Pénsese, outrosí, nas posibilidades de 1658.19, onde se pode considerar non imprescindible a presenza da forma verbal *é: om' é, de seu padre fillo* (Lapa) vs. *home de seu padr' é fillo* (Panunzio) vs. *hom' é de seu padre fillo* (Juárez Blanquer)²². Por súa vez, nunha cantiga de Rodrig' Eanes de Vasconcelos rexístrase unha situación rítmica equivalente; a nosa propia edición (LPGP 884) segue a de Nunes²³ neste paso e, recentemente, tamén foi asumida por Cohen²⁴ como interpretación de <Ele q'te> BV:

743 / 140,2 RoEaVasc [B728/V329], v. 13:

El é quite por mí d'outra senhor
 e faço-lh'eu cada dia peor

Fronte a esta posibilidade editorial, coidamos agora máis acaída a que, con consecuencias morfolóxicas a respecto das variantes *el ~ ele*, coloca o acento na cuarta sílaba, segmentando <q'te> en *quit' é*, solución que respecta, ademais, a lección dos manuscritos:

Ele quit' é por mí d'outra senhor
 e faço-lh'eu cada dia peor

En calquera caso, o repertorio lexical da poesía profana galego-portuguesa pode variar dun modo extraordinario conforme as opcións segmentativo-editoriais sexan unhas ou outras; así mesmo, tamén a fixación crítica dos textos é capaz de exercer unha acción de apagamento da variación lingüística, que é lóxica e inevitábel nun corpus constituído por cantigas elaboradas por múltiples autores, procedentes de xeografías diferentes no amplo territorio da Gallaecia histórica e as súas prolongacións para o sur (alén dos autores procedentes doutras culturas e reinos), e escritas ao longo dun século e medio²⁵. Os casos, por exemplo, de *pora* a carón de *pera* ou de

²² *Vid.*, respectivamente, a ed. de Lapa en LPGP 782; S. Panunzio (ed.), *Pero da Ponte, Poesías*, Vigo, Galaxia, 1992 (ed. orixinal italiana en 1967), p. 181; A. Juárez Blanquer, *Cancionero de Pero da Ponte*, Granada, Ediciones TAT, 1988, p. 240.

²³ *Cantigas de Amigo, op. cit.*, p. 148.

²⁴ *Op. cit.*, p. 216.

²⁵ Sobre a variación lingüística galega, *vid.* X. M. Sánchez Rei, *Lingua galega e variación dialectal*, Santiago de Compostela, Laiovento, 2011, especialmente as pp. 235-239, dedicadas

einda ao pé de *aínda* e *inda* son ben ilustrativos desta situación, que só unha revisión coidadosa dos manuscritos pode levantar no corpus trobadoresco galego-portugués. E, á marxe disto, tamén é inevitábel que a acción editorial, nin sempre criteriosa, acabase xerando hapax inexistentes, verdadeiras palabras de papel que son produto de lecturas deficientes ou de interpretacións erradas²⁶.

3. SEGMENTACIÓN E *DISPOSITIO TEXTUS*

3.1. Segmentación e unión/separación de palabras

No ámbito do complexo labor segmentativo debemos tamén incluír a decisión editorial arredor da separación ou xunción dalgunhas unidades, susceptíbeis de seren quer aglutinadas quer deglutinadas, feito que pode ser revelador dos diferentes valores de certos elementos lingüísticos. Pénsese, entre outras mostras posíbeis, en *porque* vs. *por que*, *demais* vs. *de máis* ou *senon* vs. *se non*: aínda que a maioría das edicións presente estes elementos graficamente deglutinados, débese pór en relevo a conveniencia, mesmo a necesidade, de distinguir claramente entre unha e outra posibilidade. Ora ben, tamén é certo que nalgún caso sería posíbel unha dupla lectura, como acontece nunha cantiga de Martin Soarez, na cal, fronte a *se non* (sendo *adevinhar* un futuro de subxuntivo), fixado na edición de Bertolucci (LPGP 649), tamén poderíamos interpretar *senon* ‘excepto’, considerando *adevinhar* como infinitivo (*per min, senon adevinhar*)²⁷:

135 / 97,19 MartSrz [A48/B160], v. 14 (<fe nō> AB):

E mentr’eu non perder o sen,
non vus devedes a temer,
ca o non pod’ome saber
per min **se non** adevinhar.

Neste sentido, os criterios de edición son tan basilares para unha interpretación adecuada dos textos trobadorescos como importante é, por exemplo, a política editorial a respecto do uso do hífen (ou a simple unión gráfica) en fórmulas compostas que funcionan unitariamente (*ja-que, ja-quanto, que-quer...*), ben como en verdadeiras palabras compostas que precisan dalgunha marca de xunción para evitar deficiencias interpretativas. É o caso dalgunha ocorrencia de

á «dialectoloxía filolóxica».

²⁶ Vid. M. Ferreiro, «Sobre o proxecto *Glosario Crítico da Lírica Profana Galego-Portuguesa*», en M. Brea e S. López Martínez-Morás (eds.), *Aproximación ao estudo do Vocabulario trobadoresco*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2010, pp. 243-249; M. Ferreiro, «Do manuscrito á edición...», art. cit., pp. 153-155.

²⁷ Véxase un contexto moi semellante en 254 / 152,11 VaGil [A146/B269], vv. 13-14: *E des oimais non pod’El saber ren / de mia fazenda **senon** devinhar* (<fe non> A, <fenō> B).

ben-fazer (513.15, 674.15, 954.22) ou *mal-fazer* (1035.10), fronte á reiterada fórmula trobadoresca *fazer ben / mal* ou *ben / mal fazer*²⁸.

Aínda que na maioría das edicións a forma *enquanto* presenta os seus elementos graficamente separados, dado que tal secuencia pode comportarse como adverbio temporal, sinónimo de *mentre*, ou, polo contrario, como unha secuencia de preposición *en* co relativo *quanto*, é xustamente esta dupla condición a que aconsella diferenciarmos con clareza (tamén na grafía) entre os dous valores. Con todo, contra os hábitos xerais na maioría das edicións, na cantiga 719 rexístrase unha –coidamos– anómala unión dos dous elementos a partir da edición de Nunes (cfr. LPGP 282); nesta edición modifícase, alén disto, o orixinal *falastes* en *falades*²⁹ para acomodar a expresión temporal:

719 / 40,2 FerFdzCog [B704/V305], v. 7:

Enquanto falades migo,
dizede, se vos venha ben,
se vos disse novas alguen
dos que el-rei levou sigo

Neste texto parece máis acaída considerar a preposición *en* co relativo *quanto*, que evita a necesidade de modificar o tempo verbal de *falar* e mantén a continuidade coa lección dos manuscritos (<En quãto> B, <En quanto> V):

En quanto falastes migo,
dizede, se vos venha ben,
se vos disse novas alguen
dos que el-rei levou sigo:
se se veen ou se x'estan
[ou a que tempo se verran].

3.2. Segmentación e puntuación

Tamén a puntuación pode ter un carácter determinante para a interpretación dos textos, pois constitúe unha forma primaria de segmentación (e identificación) dos elementos da cadea textual; repárese en certas secuencias que teñen unha dupla consideración lingüístico-semántica, como as locucións conxuntivas *e pero* ou *mais pero*, cuxos elementos en moitos contextos funcionan como conxuncións

²⁸Na realidade, uns criterios de edición firmes e criteriosos son, por veces, fundamentais, pois nalgunhas edicións nin sempre é doado delimitar entre o que é gralla ou lapso de imprensa do que é decisión editorial consciente. Véxase por exemplo o caso de *outro si*, en lugar de *ou-trossi*, en 681 / 75,4 JPrzAv [B665^{bis}/V268], v. 16: *ben come vós a min, se vos prouguer; / ben outro si me vos assanharei* (LPGP 488, ed. de Nunes); ou, tamén, *de pois* en lugar de *depois* en 145 / 97,35 MartSrz [A58/B169], v. 14: *terrá que faredes assy / de pois a quen ss'a vos tornar* (LPGP 656, ed. de Bertolucci).

²⁹Tamén Cohen (*op. cit.*, p. 189) muda *falastes* en *falardes*, aínda que deglutina en *quanto*.

autónomas (*e pero* vs. *e, pero*; *mais pero* vs. *mais, pero*); algo similar acontece co sintagma *Deus Senhor*, que convive con *Deus, senhor*, en que o elemento *senhor* se refire, respectivamente, a Deus ou á dona trobada na cantiga, razón pola cal a puntuación e o uso de maiúsculas devén transcendente para a comprensión do texto³⁰.

Para alén destas mostras, sistemáticas mais puntuais, nos cancioneiros que transmitiron a poesía profana galego-portuguesa encontramos bastantes casos en que unha puntuación alternativa é absolutamente factíbel e/ou necesaria e até pode chegar a constituír unha solución editorial máis acaída do que a tradicional. A primeira cuestión que imos formular é certamente complexa, xa que se trata dunha pasaxe en que se debe optar pola hipótese dun erro de copia común a A e B ou, contrariamente, por unha interpretación en que se manteña a lección coincidente dos manuscritos cunha puntuación alternativa. A segunda cantiga do *Cancioneiro da Ajuda*, seguindo a edición de Michaëlis, ofrecería o seguinte texto (LPGP 951):

65 / 151,25 VaFdzSend [A2/B92], v. 26:

Ca esta cuita, senhor, tan grand' é
com' eu vos **dixe ja, o[u]** é mayor,
e ben creede que non é mēor

A opción editorial da estudosa portuguesa decántase por considerar un erro, o cal facilita, mediante a súa emenda, a expresión lingüística nesta pasaxe. Con todo, coidamos que a lección fundamentalmente coincidente de A e B (<dixe ia o e> A, <dixi ia oe> B) xustifica, por medio dunha puntuación diferente, outra lectura máis acorde coa literalidade dos cancioneiros, cunha construción sintáctica de anticipación do pronome que ten outras atestacións no corpus (cfr. *é-o ela, pode-lo creer; / ou se o é po-la eu muit'amar*, 274.9-10):

ca esta cuita, senhor, tan grand' é
com' eu vos **dixe –ja o** é maior,
e ben creede que non é mēor–

A puntuación e o respecto da lección manuscrita constituén elementos tamén importantes para fixar o texto dunha cantiga de Pero Garcia Burgalés. Na vulgata é recollido da edición de P. Blasco (LPGP 840), que introduce unha modificación, xa presente en Michaëlis³¹, no verso inicial da estrofa:

³⁰ O feito de o corpus non aparecer editado con criterios uniformes (actualmente coa excepción da compilación de G. Videira Lopes, M. P. Ferreira *et alii*, *Cantigas Medievais Galego-Portuguesas*, Lisboa, Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA: <http://www.cantigas.fcsh.unl.pt/index.asp>) fai que en moitos destes casos, cando o editor non explicita a interpretación, sexa ambigua a presentación do texto.

³¹ *Op. cit.*, p. 191. A recente edición crítica deste trobador, de S. Marcenaro, tamén insiste na emenda do manuscrito (Pero Garcia Burgalés, *Canzoniere. Poesie d'amore, d'amico e di*

180 / 125,53 PGarBu [A90/B194], v. 13:

E queixo-**m' en** meu cora[ç]on,
por que mi faz gram ben querer
vos de que nunca pud'aver
ben, ...

Mais a lección transmitida por B (en A non está copiada esta terceira estrofe) é <E *queixome* meu coraçon>³², de modo que o respecto pola letra do manuscrito leva a segmentar unha copulativa que suxire unha escisión entre o “eu” do trobador e o seu “coraçon”, tal como se verifica noutras cantigas:

E queixo-**m', e** meu coraçon,
porque mi faz gran ben querer
vós de que nunca pud'aver
ben, e queixo-me con razon
eu d'esse vosso parecer
[que tanto mal mi faz aver].

Outro problema editorial, en que xoga un papel importante a puntuación, áchase na versión que Michaëlis ofrece para unha cantiga de Rodrigoiz Tenoiro (LPGP 671), na cal se procede a unha modificación da lección transmitida polos apógrafos italianos:

367 / 3,5 (=101,11) MenRdzTen [B399/V9], v. 16:

...; mais cuid' eu a ir
u ela est, e non **poss', e** por én
tal coita ei que non poderia viver
se non foss'o sabor que ei de a veer.

Con efecto, no <posseu> de B e <posfeu> de V o pronome *eu* é transformado na copulativa *e* na edición de D^a Carolina; porén, unha segmentación do pronome e unha puntuación diferente resolvería calquera problema de interpretación nesta pasaxe, evitando a innecesaria emenda do texto manuscrito:

...; mais cuid'eu a ir
u ela ést', e non **poss': eu** por én
tal coita ei que non poderia viver
[se non foss'o sabor que ei de a veer].

scherno, Alessandria, Edizioni dell'Orso, 2012, p. 176).

³²Desenvolvemos, para evitar problemas tipográficos, a abreviatura (un trazo sobre <m>). Nótase que a abreviatura correspondente a <en> aparece normalmente no elemento <mente>, razón que leva a interpretar a abreviatura sobre <m> como equivalente a <e> neste caso.

Finalmente, tamén na cantiga afonsina sobre Dominga Eanes se levanta un relevante problema de interpretación dos manuscritos, de segmentación da cadea gráfica e de puntuación de acordo coa interpretación hermenéutica do texto³³. Os dous versos iniciais da derradeira estrofa da cantiga presentan a seguinte lección en B e V, respectivamente:

<E dizem meges *que* hufam tal p'eyre
quea tal chaga ia mais nũa
 Sarra>

<E dizem meges *que* husam tal p'eyte
 ãa tal chaga ia mais nũa sarra>

Lapa (LPGP 144) acolle o estilo directo na súa edición da cantiga, a comezar o parlamento dos *meges* no v. 22, mais, para axustar semanticamente o período, introduce unha leve modificación no relativo, que é convertido en *quen*, e na forma verbal *usan*, que é mudada para o singular *usa*:

493 / 18,11 Alf X [B495/V78], vv. 22-23:

E dizen meges: –Quen usa tal preit' e
 á atal chaga, ja mais nunca serra,
 se con quanta lãa á en esta terra
 a escaentassen, nen cõno azeite, / ...

Porén, na edición crítica do cancionero profano de Afonso X preparada por J. Paredes³⁴ aparece outra proposta, igualmente con mudanza da lección manuscrita, mais agora sen introducir directamente o parlamento dos *meges*:

E dizen meges que ñus an tal preit' e
 que atal chaga ja mais nunca serra
 se con quanta lãa á en esta terra
 a escaentassen, nen cõno azeite

Na realidade, vira posíbel manter o texto dos manuscritos (optando por V no inicio do v. 23) se a intervención dos médicos se inicia no segundo verso da estrofe:

³³ Para unha nova edición deste importante texto, *vid.* M. Ferreiro, «Os *hapax* como problema e como solución. Sobre a cantiga 493/18,11 [B 495/V 78] de Afonso X», en M. Arbor Aldea e A. F. Guiadanes (eds.), *Estudos de edición crítica e lírica galego-portuguesa*, Anexo 67 de *Verba*, Santiago de Compostela, USC, 2010, pp. 239-261, especialmente as pp. 246-257.

³⁴ J. Paredes, *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica, con introducción, notas y glosario*, L'Aquila, Japadre Editore, 2001, p. 308. Esta mesma edición, con algunhas mudanzas de pormenor, apareceu co mesmo título como Anexo 66 de *Verba*, Santiago de Compostela, USC, 2010 (o texto de Afonso X recóllese na p. 280).

E dizen meges que usan tal preit'e
 an atal chaga: ««Ja máis nunca serra,
 se con quanta lãa á en esta terra
 a escaentassen, nen con no azeite, / ...».

Para alén destes e doutros casos que se poden encontrar no corpus trobadoresco profano, queremos insistir aínda noutra cuestión textual ligada á puntuación, xerada pola resistencia á ligazón interestrófica que se observa en numerosas edicións e que provoca, por veces, verdadeiros problemas editoriais. Vexamos algúns exemplos.

En primeiro lugar, nunha sintacticamente complexa cantiga de Afonso Sánchez, José Joaquim Nunes mantivo a autonomía estrófica (seguindo a edición de Carolina Michaëlis nas *Glossas Marginais*)³⁵, feito que é reflectido pola compilación de 1996. Para manteren esa autonomía, ambos editores víronse obrigados a modificar o orixinal *levar* do v. 8 en *leveí*, na procura dunha sintaxe e dun sentido plausíbeis; eis as dúas primeiras estrofas na edición de Nunes (LPGP 104-105):

376 / 9,8 AfSchz [B408/V19], vv. 7-15:

Pero eu dixei, mha senhor,
 que non atendia per rrem
 de vós bem, polo grand' amor
 que vos senpr' ouvh al m' end' avem;
 u vej' est' ar cuido no al:
 per que ssempr' ouvi por vós mal,
 per esso me fezeistes bem.

Sempre levei assaz d' affam
 por vós, mha senhor; e por em,
 pois outro bem de vós de pram
 non ouve, sen[h]or, a meu ssem,
 sse quer por quanto vos sservi,
 d' aqeste bem cuid' eu de mi
 que me non tolhades vós ém

Nada, senhor, mentr' eu viver, ...

As seguintes editoras, conscientes da intromisión textual (*levar* > *leveí*), decidiron manter a lección do manuscrito, con opostas solucións no relativo á ligazón interestrófica: véxase, en primeiro lugar, a proposta de Arbor Aldea³⁶, que concede autonomía sintáctica

³⁵ Y. F. Vieira, J. L. Rodríguez, M. I. Morán Cabanas e J. A. Souto Cabo, *Glossas Marginais ao Cancioneiro Medieval Português de Carolina Michaëlis de Vasconcelos*, Coimbra, Universidade, 2004, p. 509.

³⁶ *O cancionero de don Afonso Sanchez. Edición e estudio*, Santiago de Compostela,

á primeira estrofe, o cal provoca unha incoherencia expresiva, pois *levar* fica sen verbo principal:

u vej'est'ar cuido no al,
perque sempr'ouvi por vós mal
per esso me fezeistes ben.

Sempre levar assaz d'afan
por vós, mia senhor, e por én,
pois outro ben de vós de pran
non ouve, senhor, a meu sén,
sequer por quanto vos servi,
daqueste ben cuid'eu de min
que me non tolhades vós én

nada, senhor, mentr'eu viver, ...

E en segundo lugar, en confronto, Nicoletta Longo liga as estrofes tamén sen modificar a lección manuscrita, mais continúa a existir unha incoherencia semántica, pois obrigaría a interpretar *ben* como adverbio para que *levar* fose o O.D. de *fezeistes*³⁷:

u vej'est'ar cuido no al:
per que sempr'ouvj por vós mal,
per esso me fezeistes bem

Senpre levar assaz d'afam
por vós, mha senhor e, por ém,
pois outro bem de vós de pram,
non ouve, senhor, a meu sém,
se quer por quanto vós servj,
d'aqueste bem cuid'eu de mjn
que me non tolhades vós én

Nada, senhor, mentr'eu viver, ...

As incongruencias sintáctico-semánticas nestas edicións proceden, a noso ver, da ausencia da necesaria copulativa en *sempr'e* (v. 8), que permite ligar con pleno sentido as dúas primeiras estrofes e facer depender *levar* de *fezeistes* (v. 7); isto é, “por esso me fezeistes ben sempr'e (me fezeistes) levar assaz d'afan ...”:

Universidade de Santiago de Compostela, 2001, p. 140.

³⁷ N. Longo (ed.), Dom Afonso Sanchez, *Le poesie. Edizione critica, introduzione, note e glossario*, Roma, Bagatto Libri, 2002, p. 80. A tradución semella ir nesta liña: «...è così che mi avete fatto ben / sempre sopportare tanta afflizione per voi...» (*ibid.*, p. 83).

Pero eu dixes, mia senhor,
 que non atendia per ren
 de vós ben, polo grand'amor
 que vos sempre'ouvi al m'end'aven:
 u vej'est'ar cuido no al
 porque sempre'ouvi por vós mal;
 per esso me fezeastes ben

sempre'e **levar** assaz d'afan
 por vós, mia sen[h]or; e por én,
 pois outro ben de vós de pran
 non ouve, sen[h]or, a meu sén,
 sequer por quanto vos servi,
 d'aqueste ben cuid'eu de min
 que me non tolhadés vós én

nada, sen[h]or, mentre eu viver; ...

Un segundo exemplo significativo de como a puntuación estrófica condiciona a edición achámolo nunha cantiga de Don Denis, en que a resistencia á ligazón sintáctica das estrofas II e III tamén obriga a unha modificación textual e converte así a lección manuscrita <τ tāto> B, <etanto> V en *atanto* (LPGP 227, ed. de Lang)³⁸:

540 / 25,108 Den [B523^b/V126], v. 14:

Tanto me coita e trax mal amor
 que me mata, seed' en sabedor;
 e tod' aquesto é des que, senhor,
vos vi, desi
nunca coita perdi.

Ca de me matar amor non m' é greu,
atanto mal sofro ja em poder seu;
 e tod' aquest' é, senhor, des quand' eu
vos vi, desi
nunca coita perdi.

Mais se prescindirmos da 'simetría visual' da cantiga e unirmos sintacticamente a terceira coa segunda estrofe, como solicita a conxunción subordinante causal no v. 13, pódese, sen problemas, manter a lección dos manuscritos coa debida deglutinación da copulativa (e sinalefa en *ja_en*):

³⁸Tamén na edición *online* da poesía dionisina (*vid.* nota 13) Montero Santalla modifica a lección manuscrita coa conversión de *atanto* en *tanto* [última consulta: 15-10-2012].

Tanto me coita e trax mal Amor
 que me mata, seed'én sabedor;
 e tod'aquesto é des que, senhor,
 vos vi:
 [des i
 nunca coita perdi],

ca de me matar Amor non m' é greu,
e tanto mal sofro ja en poder seu;
 e tod'aquest' é, senhor, des quand' eu
 vos vi:
 des i
 nunca [coita perdi].

Un último exemplo da importancia que a puntuación combinada coa segmentación ten na edición dos textos pódese ver nunha cantiga dedicada a Fernan Diaz, acusado de homosexualidade por Estevan Faian. Eis a versión lapiana das dúas primeiras estrofas (LPGP 264-265):

1580 / 31,1 EstFai [B1561], vv. 1-14:
 Fernan Diaz, fazen-vos entender
 que casariades desta dona ben;
 e nós teemos que vos é mal sén
 per quant' est' o que vos quero dizer:
 por que a dona é de terra tal,
 Don Fernando, que, per ben nen per mal,
 non poderedes i un om' aver.

Ante, faredes i vosso prazer
 en quererdes con tal dona casar,
 Fernan Diaz? –ca é de [tal] logar
 que non poderdes, per nen un poder,
 aver nulh' ome, ca as gentes son
 de tal natura, se Deus mi pardon,
 que non querran i su vós guarecer.

Porén, se quixésemos conservar o xogo de *om'aver ante* ('ter un home diante'), en liña co *ome deante* do v. 20, teriamos de ligar as estrofas I e II e segmentarmos necesariamente a copulativa en *ante*, agora adverbio de lugar:

Fernan Diaz, fazen-vos entender
 que casariades d' esta dona ben,
 e nós teemos que vos é mal sén
 per quant' ést' o que vos quero dizer:

porque a dona é de terra tal,
 Don Fernando, que, per ben nen per mal,
 non poderedes i un om'aver

ant', e faredes i vosso prazer
 en quererdes con tal dona casar,
 Fernan Diaz, ca é de [tal] logar
 que non poderedes, per nen un poder,
 aver nulh'ome, ca as gentes son
 de tal natura, se Deus mi perdon,
 que non querran i su vós guarecer.

E sei, Don Fernando, per quant'aprendi:
 non poderedes esta dona aver,
 ca seus vassalos, com'ouço dizer,
 non queren om'estranho sobre sí,
 ca dizen que sabedes lousinhar
 ome deant'e sabedes buscar
 gran mal detras a muitos, com'oi.

4. SEGMENTACIÓN E ERRO NOS MANUSCRITOS

Certamente, un dos principios esenciais da crítica textual e do labor editorial é o respecto pola lección que os manuscritos envían; no entanto, o erro é consubstancial á copia, e moi especialmente nos apógrafos italianos que transmitiron a nosa poesía medieval. Neste sentido, perante a existencia do erro, o editor debe optar –a noso ver– pola solución máis simple e que mellor encaixe paleográfica, lingüística e semanticamente na lectura da secuencia ofrecida polos manuscritos. E, neste punto, a segmentación adoita cumprir unha función importante. Véxase, como mostra, unha pasaxe de Pero Garcia Burgales na edición de Blasco (LPGP 816) que corrixe o [*ja-quanto*] editado por Michaëlis³⁹ para a (errada) lección <can uo> de B:

204 / 125,12 PGarBu [B220], v. 26:
 E meus amigos, por Sancta Maria!
 des que a vi, muyto me vay peor,
 ca siquer ante algũa vez dormia,
 ou avya d' algũa ren sabor,
 que oj'eu **tanto** non poss' aver!

É certo que a lectura de Blasco⁴⁰ mellora a interpretación de B, mais tamén é verdade que o verso fica hipométrico e non conseguimos atestar o erro <u>/<t>. Así pois, a solución virá dada por unha

³⁹ *Op. cit.*, p. 803.

⁴⁰ Mantida por S. Marcenaro, *op. cit.*, p. 308.

outra lectura e segmentación da secuencia do Cancioneiro da Biblioteca Nacional, interpretando <u> como <ti> –erro presente, por exemplo, en 1430.19 (<par ustes> V = *partistes*)–, o cal permite a existencia dun adverbio *i* e dun pronome *o*, co correspondente acrecentamento silábico do verso:

E, meus amigos, por Santa Maria,
des que a vi muito me vai peor,
ca siquer ante algũa vez dormia
ou avia d'algũa ren sabor,
que oj'eu **tant'i o** non poss'aver

Por outra parte, na solución do erro de copia, a semántica ocupa un lugar certamente importante, pois non debemos ser escravos da letra dos manuscritos cando esta non presenta unha significación plausíbel. Reparemos nos dous seguintes exemplos, nos cales a manutención mecánica da lección dos copistas provoca un claro desaxuste significativo. O primeiro, nunha cantiga de D. Denis, localízase na edición de Lang (LPGP 199):

613 / 25,48 Den [B596/V199], v. 7:

Viver que sem vós seja,
sempr' o meu cor deseja
vós ata que vos veja

Para conseguir unha lectura coherente teremos de interpretar, tal como xa fixeron Nunes⁴¹ e Cohen⁴², a existencia dun erro <q>/<i>⁴³ na lección <Viuer> de BV, de modo que co aparecemento de *u quer que*, produto da emenda e da correspondente segmentación da secuencia, o texto adquire todo o seu sentido:

U quer que sen vós seja,
sempr' o meu cor deseja
vós atá que vos veja

O segundo exemplo está tirado do cancionero de Pero Garcia Burgales (LPGP 813, ed. de Blasco):

664 / 125,5 PGarBu [B649/V250], v. 7:

Non foy **oyr a vya**,
mays ben des aquel dia
sanhuda [lh'and'eu]!

⁴¹ *Cantigas de Amigo*, op. cit., p. 47.

⁴² *Op. cit.*, p. 633.

⁴³ Véxase un erro similar en V, en 381.17, onde aparece <oqe> en lugar de <oie> (= *oje*).

O editor francés respecta a lección dos manuscritos (<oyr auya> BV), atribuíndo un significado ao v. 7 que non ten precedentes no cancionero de amigo: «Le jeune fille reproche à son ami de ne pas être resté à l'écoute de la route, lieu du rendez-vous»⁴⁴. Con todo, reconece que a versión de Nunes⁴⁵, coa consideración do frecuente erro <o>/<u>, tamén aceptada por Cohen⁴⁶ e Marcenaro⁴⁷, é unha «interprétation pertinente, quant au fond»⁴⁸.

Non foi **u ir avia**,
mais ben des aquel día
sanhuda [lh'and'eu].

No ámbito morfosintáctico tamén existen problemas editoriais que son produto dun seguimento mecánico da lección manuscrita que pode xerar solucións anacrónicas e/ou problemáticas. Nunha cantiga de amigo de Airas Carpancho, editada por Minervini (LPGP 111), achamos unha interpretación ben problemática da lección <conu9 p'> B, <conu9> V:

671 / 11,4 AiCarp [B656/V257], v. 9:
Gran ben m' é **con vus, por** muit' ei que vus diga,
pois con el falastes. Creades, amiga,
que falarei [vosco tod' aqeste dia,
poys falastes con quen eu falar querya].

Efectivamente, o texto subministrado polos apógrafos italianos foi lido de modo diverso por outros editores (*convos[co]*, *por[que]*, Nunes⁴⁹; *con vosco*, Cohen⁵⁰), pois, na altura cronolóxica das cantigas, non se documenta a expresión *con nós / vós* (*vid. supra*). Deste modo, para unha axeitada interpretación da pasaxe en harmonía coa forma xeral *conosco / convosco*, será necesario considerarmos que o <p'> de B (omitido en V) ten de ser un erro por <q̄>, de fácil explicación paleográfica, e realizar a pertinente segmentación da copulativa. Así, o texto fica cunha expresión absolutamente correcta:

Gran ben m' é **convosc'e** muit' ei que vos diga;
pois con el falastes, creades, amiga,
que falarei [vosco tod' aqeste dia,
pois falastes con quen eu falar queria].

⁴⁴ Cfr. P. Blasco, *Les chansons de Pero Garcia Burgalês*, Paris, Fondation Calouste Gulbenkian, Centre Culturel Portugais, 1984, p. 224.

⁴⁵ *Cantigas de Amigo*, op. cit., p. 78.

⁴⁶ *Op. cit.*, p. 134.

⁴⁷ *Op. cit.*, p. 331.

⁴⁸ Cfr. P. Blasco, op. cit., p. 224.

⁴⁹ *Cantigas de Amigo*, op. cit., p. 83.

⁵⁰ Cfr. op. cit., p. 141.

En segundo lugar, nunha cantiga de Roi Fernandiz de Santiago figura un uso anómalo de *agrar* condicionado pola interpretación da lección defectuosa dos apógrafos italianos (<lhs grau> B, <lha grau> V). Eis o texto que proporciona a edición de Nunes (LPGP 895):

913 / 143,5 RoiFdz [B911/V498], v. 3:

Esta senhor qu(e) ora filhey
grave día vedes que faz:
por que lh' **agrav'** ou lhi non praz
de que con ela comecey,
assanha-ss' ora contra mi,
e pero faz seu prazer hy.

Certamente o editor portugués segue a lectura de V e interpreta na mesma dirección o erro de B. Mais a estatística de erros de copia nos apógrafos italianos mostra que a lección 'certa' debe de ser a do Cancioneiro da Biblioteca Nacional, afectado polo erro <s>/<e>, que se pode documentar no mesmo cancionero en moitos outros pasos: <fals> = *fale*, 932.4; <res desto> = *creed'esto*, 1057.16; <ois> = *oje*, 1345.8 etc. Polo contrario, non achamos o erro <s>/<a> en B, ao mesmo tempo que en V é frecuente a confusión <a>/<e>⁵¹. Se a isto acrecentarmos que *agrar* só se rexistra como pronominal (602.7, 1451.20) e como intransitivo (1318.1), mais nunca construído con *lhe*, a lectura é obvia⁵²:

Esta senhor que ora filhei
grave día, vedes que faz
porque lh' **grav'** ou lhi non praz
do que con ela comecei:
assanha-s' ora contra mi,
e pero faz seu prazer i.

En terceiro lugar, nunha textualmente problemática cantiga de Martin Moxa volvemos encontrar unha cuestión de tipo sintáctico que convén analizarmos. A partir da excelente edición de Stegagno Picchio, a vulgata ofrece a seguinte versión da cantiga 917 (LPGP 625):

917 / 94,9 MartMo [B915/V502], v. 15:

Mentr' aly foy, tal **somn[i]o vy, a son[h]ar,**
muytas vezes; e no sonho vi quen?

⁵¹ Vid. E. Monaci, «Appendice II. Tavola dei principali errori che si osservano nella scrittura del codice», en *Il canzoniere portoghese della Biblioteca Vaticana*, Halle, Max Niemeyer Editore, 1875, p. XXVI.

⁵² Tal como aparece en X. B. Arias Freixedo, *As cantigas de Roi Fernandiz de Santiago*, Vigo, Universidade de Vigo, 2010 (ed. en CD).

O texto da distinta romanista parte das leccións <¿som uõ uy a Sanar?> B, <som nõ ui a sanar> V, mais presenta o problema da interpretación de *a sonhar* como infinitivo xerundial, construción sintáctica que non se documenta na altura cronolóxica do trobadorismo. Máis pertinente parece a interpretación de Lapa⁵³, que establece a perífrase *aver + a + infinitivo* a través da consideración do erro <õ>/<ou>, que se rexistra con moita frecuencia nos apógrafos italianos:

Mentr'ali foi, tal **sonh'ouvi a son[h]ar**
 muitas vezes; e no sonho vi quen?

Finalmente, acreditamos en que a corrección do erro non se debe facer a través dun hapax cando no corpus existe unha solución alternativa lingüisticamente pertinente e coherente paleográfica e semanticamente coa lección manuscrita e co texto da cantiga. Véxase a composición 458 de Afonso X, onde de maneira reiterada, tanto en Lapa (LPGP 160) como en Paredes⁵⁴, se recorre a un flagrante castellanismo para resolver o problema textual da lección <9 eles> (en rima con *conselhos e trebelhos*):

458 / 18,39 Alf X [B463], v. 15:

Se conos cardeaes, con que faz seus conselhos,
 possesse que guardasse nós de maos trebelhos,
 fezera gran mercee, ca non furtar **con elhos**
 e [os] panos dos cristãos meter sô sa capa.

É certo que na produción de Afonso X se detectan algunhas formas castelás⁵⁵, mais existe, para o problema agora levantado, unha solución alternativa máis económica do punto de vista paleográfico, cal é *cõelhos*, aglutinando os elementos separados no manuscrito e interpretando que a abreviatura de *con* é produto do desenvolvemento da consoante nasal na sílaba inicial de <cõelhos>, a semellanza do que aconteceu noutro texto de Afonso X, co mesmo copista de B, onde aparece a lección <capaton es> para *çapatões* (459.10):

Se con os cardeaes, con que faça seus conselhos,
 possesse que guardasse nós de maos trebelhos,
 fez[er]a gran mercee, ca non furtar **cõel[h]os**
 e panos dos cristãos meter so [a] sa capa.

⁵³ M. R. Lapa, *Cantigas d'Escarnho e de Mal Dizer dos Cancioneiros Medievais Galego-Portugueses*, 2ª ed., Vigo, Galaxia, 1970, p. 424.

⁵⁴ *Ibid. op. cit.*, p. 125.

⁵⁵ *Vid.* J. L. Rodríguez, «Castellanismos no galego-português de Afonso X», *Boletim de Filologia*, XXVIII (1983), pp. 7-19.

5. SOBRE O EVENTUAL CARÁCTER SUBXECTIVO-OPTATIVO DA SEGMENTACIÓN

En calquera caso, débese facer constar que a segmentación, condicionada dentro do proceso ecdótico por factores lingüísticos, semánticos e métricos –como xa vimos–, ten en moitas ocasións un marcado carácter subxectivo, por veces dificultoso, sobre todo en pasaxes propositadamente ambiguas. Sirva como mostra ben significativa o refrán da cantiga 1325 [B1308, V913], de Estevan da Guarda, en que a secuencia manuscrita (<Com apoftara fazenda> B, <com apostara façenda / fazenda / ffazenda> V) permite diversas interpretacións, todas elas condicionadas polo xogo con *apóstata*, tal e como nos é indicado na rubrica⁵⁶: *com 'aposta ta fazenda vs. com 'apost'a ta fazenda vs. com 'á post'a ta fazenda*. Nótese, outrosí, a diferenza lingüística e interpretativa, segundo a decisión editorial, que se produce a partir das secuencias manuscritas <nuncauera / nuncaueri / nuncaueria>, onde se pode considerar o verbo *aver* ou o verbo *veer*: *nunca vera vs. nunc'avera* etc. (vid. 236.16, 241.30 ou 459.12).

Do mesmo xeito, é verdadeiramente difícil decidir entre o infinitivo *mentir* (proposta de Stegagno, vid. LPGA 625) e o substantivo *mentir(a)* (opción de Lapa)⁵⁷ na seguinte pasaxe de Martin Moxa, onde a lección <mentir> B, <mētir> V permite as dúas lecturas:

917 / 94,9 MartMo [B915/V502], v. 9:
 E quen ali, com'eu cheguei, chegar
 se[n] **mentir**'e non tener mal por ben
 quitar-s' -á én com'eu vi min quitar,
 mais non com'e[n]d'eu vi quitar alguen

Tampouco temos datos que nos permitan optar con seguranza entre considerar ou non a presenza da preposición *a* na seguinte pasaxe de Pero Amigo, onde, fronte a Lapa⁵⁸, Marroni estableceu *nunc' a ti* (cfr. LPGA 738):

1670 / 116,10 PAmigo [B1658/V1192], v. 12:
 Elvira, **nunca** ti capa daran,
 ca ficas, d'estas capas que ti dan,
 con as máis usadas no cabeçon.

De calquera maneira, o ámbito morfosintáctico é seguramente o máis afectado pola segmentación e, en consecuencia, é onde se

⁵⁶ «Esta cantiga foi feita a ùu doutor que meteu por seu mes[s]ejeiro pera juntar seu casamento ùu home que era leigo e casado, e fora ante frade preegador; e o que se sal da orden chaman-lhe *apóstata*» (cfr. X. C. Lagares, *E por esto fez este cantar. Sobre as rubricas explicativas dos cancioneiros profanos galego-portugueses*, Santiago de Compostela, Laiovento, 2000, p. 136).

⁵⁷ *Op. cit.*, p. 425.

⁵⁸ *Ibid.*, p. 462.

detectan máis posibilidades alternativas. Así, por exemplo, nas secuencias interpretadas como formas de P1 de pretéritos fortes é, con frecuencia, posíbel diferenciar dúas formas: a que propiamente representa a forma verbal en *-i* e máis aquela outra en que se produce crase entre o verbo e o adverbio *i* (*soubi* vs. *soub'i* etc.). Do mesmo modo, certos contextos permiten fixar formas diverxentes na P3 de presente dalgúns verbos en *-zer* (cfr. *fize* vs. *fiz*, *dize* vs. *diz*, *praze* vs. *praz* etc.) conforme unha ou outra segmentación; acontece isto, *verbigratia*, no refrán da cantiga 338, onde Michaëlis (LPGP 97) sucumbe á tentación do maioritario, creando un texto excesivamente artificioso co afastamento entre *praz* e *én*:

338 / 7,14 AfMdezBest [B376], r1:
*Moiro por vos, a que **praz, e muit'**, én*
de que moir'eu, e praz a min por én!

No entanto, poderíase considerar que estamos perante a minoritaria forma *praze* (cfr. *e praze-m'én / e d'al me praz*, 269.12) sen introducir o sintagma parentético *e muito*, xa que non se rexistra nunca no corpus, ademais de no v. 20 da propia composición se rexistrar a construción normal (*E praz-mi muit'én morrer des aquí*), en harmonía coa frecuente aparición de *prazer* (e *pesar*) seguido de *muito* e de *én* (vid. 358.16, 360.7, 560.10, 615.12, 1274.25...) na poesía trobadoresca profana:

*Moiro por vós, a que **praze muit'én***
de que moir'eu, e praz a min por én!

Algo parecido acontece coas formas adverbiais *assi* ~ *si* en certos contextos en que a decisión editorial pode establecer unha ou outra forma. Isto ocorre, por exemplo, nunha cantiga de Galisteu Fernandez, en que os manuscritos (<Amigassi> B, <amigasí> V) permiten segmentar *amiga, si* (de maior transparencia interpretativa pola presenza do morfema de xénero, opción que seguiu Cohen⁵⁹ ou, alternativamente, *amig'assi*, opción que adoptou Nunes (LPGP 341)⁶⁰:

1272 / 51,5 GalFdz [B1256/V861], v. 2:
 O voss'amigo foi-s'oje d'aquí
 mui triste, **amig'**, **assi** mi venha ben,
 porque non ousou vosco falar ren
 e manda-vos esto rogar per mi

⁵⁹ *Op. cit.*, p. 490. Porén, esta frase formularia no corpus só aparece con *assi* ou con *se*.

⁶⁰ Contextos similares en 190.9 (<ora si> A, <ora fle> B) e 368.3 (<ora lly> B, <ora sfy> V), en que os manuscritos marcan unha nítida separación gráfica que aconsella para estes casos fixar a forma *si*.

E tampouco é indiferente o feito de en determinadas secuencias segmentarmos a vogal final *-a* como a necesaria preposición que liga os dous elementos de diversas perífrases, sobre todo cos verbos *aver* e *dever* en contextos do tipo *devi'a pesar* (36.8), *devi'a demandar* (45.14), *avi'a dizer* (130.27), *aj'a desejar* (900.27) etc. Inclusive, por veces a segmentación é capaz de condicionar a categoría gramatical dalgúns elementos: na finda da cantiga 837 de Paio Gomez Charinho, o texto da vulgata, en principio, parece correcto (LPGP 716, ed. de Monteagudo):

837 / 114,10 PaiGmzCha [B840/V426], v. 20:
 filha, ca perd[er]edes hi
 no voss' **ende**, **máys** pes'a min

Non obstante, tamén a hipótese de indentificarmos *mais* como conxunción adversativa xeraría un texto alternativo e coherente:

filha, ca perd[er]edes i
 no voss' **ende**, **mais** pesa a min

E aínda, finalmente, cabe a posibilidade de segmentar a conxunción copulativa para evitar a desconexión sintáctica entre *perder* e *pesar*:

[e] ora vos defend'aqui
*que nulha ren [non creades
 que vos diga: que sabiádes,]*

filha, ca perd[er]edes i
 no voss' **end'**, **e máis** pesa a min

Noutras moitas pasaxes sempre poden ser consideradas versións posíbeis, máis ou menos xustificábeis, partindo da súa validez lingüística e da coherencia estilística: *ai madre, moiro d'amor!* vs. *ai madr', e moiro d'amor!* (583.r), *Vi eu donas encelado* vs. *Vi eu donas en celado* (113.1), *ca esta morte non é jograria* vs. *ca ést'a mort'e non é jograria* (398.14). Do mesmo xeito, localízanse ao longo do corpus algunhas secuencias do tipo *dessa* que facilitan unha dupla posibilidade segmentativa (*d'essa* vs. *de sa*), embora en xeral o contexto oriente cara a unha ou outra posibilidade, como acontece sobre todo na repetida expresión, con leves variantes estilísticas, *per quanto de sa fazenda sei* (494.23, 597.9, 1498.5). Na realidade, só en tres ocasións se documenta a forma demostrativa feminina de segunda persoa na súa forma contracta con *de* (995.20, 1117.3, 1530.3); mais na terceira documentación (*molher de sa guysa*) non vira tan evidente a pesar da lección <de sã> de B (LPGP 291), xa que tamén se podería fixar *d'essa guisa*:

1530 / 43,4 FerGarEsg [B1511], v. 6:
e nunca vistes molher **de sa** guysa
que mays limpha vida sabha fazer

6. FINAL

Aínda recoñecendo que en certos casos existen diversas posibilidades de lectura, limitadas, sen dúbida, por factores lingüísticos e métricos, fica claro que a segmentación é unha operación ecdótica de certo basilar no proceso de edición dun texto crítico, capaz de condicionar a súa interpretación. Así, conforme puidemos ir vendo nas epígrafes anteriores, as decisións editoriais no relativo á segmentación inflúen grandemente na fixación textual do corpus trobadoresco galego-portugués; do mesmo modo, esta operación ecdótica determina o repertorio de formas lingüísticas e afecta profundamente o cómputo e a dicionarización do léxico dos textos trobadorescos.

En calquera caso, tal como recomenda Avalor, o proceso editorial «impone notoriamente un exercicio severo di *interpretatio*, attività questa, senza dubbio, assai più onerosa della *divinatio*, ma anche scientificamente meno aleatoria»⁶¹. E é precisamente na *interpretatio* onde a acción segmentativa cumpre unha capital función.

Recibido: 19/11/2012

Aceptado: 25/02/2013

⁶¹ Cfr. S. d'Arco Avalor, *Concordanza della lingua poetica italiana delle origini*, Milano-Napoli, Riccardo Ricciardi, 1992, p. LXXXIXb.



LECCIÓN MANUSCRITA E CRÍTICA DO TEXTO: EN TORNO Á
SEGMENTACIÓN DAS CADEAS GRÁFICAS NA POESÍA PROFANA
GALEGO-PORTUGUESA

RESUMEN: En este artículo se aborda la problemática derivada de la segmentación textual en la edición de los textos medievales y, en particular, de los textos de la poesía trovadoresca profana gallego-portuguesa. Partiendo de la importancia que este proceso tiene para el establecimiento de textos críticos fiables, se estudian los factores condicionantes, así como la importancia de la puntuación y de la presentación formal del texto, además de reflexionar sobre cierto carácter de subjetividad que preside tal operación ecdótica.

PALABRAS CLAVE: segmentación textual, trovadorismo, gallego-portugués.

GRAPHEME SEQUENCE SEGMENTATION IN SECULAR
GALICIAN-PORTUGUESE TROUBADOUR POETRY: A CRITICAL
READING OF THE TRANSMITTED MANUSCRIPT TEXT

ABSTRACT: This article examines the problem of text segmentation in relation to the editing of medieval texts, with specific reference to secular troubadour poetry texts in Galician-Portuguese. The production of a reliable, critical edition is determined by the rigorousness of this process. This study, therefore, looks at the factors that influence editing decisions, assessing the importance of punctuation and of the formal appearance of the text, and offers some reflections on the inevitably subjective aspects of textual criticism of this kind.

KEYWORDS: Text segmentation, troubadour poetry, Galician-Portuguese.